



APellidos, nome

D.N.I.

## AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.  
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: AUXILIAR DE INFORMÁTICA

PARTE COMÚN

### ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

– **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

– **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA

1. As disposicións de carácter laboral contidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e nas súas normas de desenvolvemento terán, en todo caso, o carácter de:
- A) Dereitos fundamentais.
  - B) Leis básicas.
  - C) Dereito necesario mínimo indispoñible.
  - D) Normas convencionais.
2. Que mecanismo de garantía establece a Constitución para o dereito á protección da saúde?
- A) A través do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
  - B) Por un procedemento preferente e sumario ante os tribunais ordinarios.
  - C) Poderá ser alegado ante a xurisdición ordinaria de acordo co disposto nas leis que o desenvolven.
  - D) Todas son correctas.
3. Segundo sinala a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, considérase falta grave:
- A) A falta de asistencia durante máis de cinco días continuados ou a acumulación de sete faltas en dous meses sen autorización nin causa xustificada.
  - B) O encubrimento, consentimento ou cooperación con calquera acto á comisión de faltas graves.
  - C) O acoso sexual, cando supoña agresión ou chantaxe.
  - D) O acoso sexual, cando o suxeito activo do acoso cree coa súa conduta un ámbito laboral intimidatorio, hostil ou humillante para a persoa que é obxecto deste.
4. Dentro do catálogo de prestacións sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia, cal das seguintes se inclúe en atención primaria? Sinala a incorrecta.
- A) A rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable.
  - B) A atención ordinaria e continuada de urxencias.
  - C) A participación na docencia, a formación continuada e a investigación no seu ámbito de actuación.
  - D) A atención paliativa a enfermos terminais.
5. Cal é o Real decreto que desenvolve a Lei orgánica 15/1999?
- A) Real decreto 1720/2007.
  - B) Real decreto 7/2010.
  - C) Real decreto 1778/1994.
  - D) Real decreto 987/2015.
6. Segundo o Estatuto de autonomía de Galicia, que competencia lle corresponde á comunidade autónoma en materia de produtos farmacéuticos?
- A) Exclusiva.
  - B) Desenvolvemento legislativo e execución da lexislación básica do Estado.
  - C) Execución da lexislación básica do Estado.
  - D) Galicia non ten competencia en materia de produtos farmacéuticos.

7. Cal das seguintes afirmacións é correcta respecto dos equipos de protección individual?
- A) O empresario ou empregador deberá proporcionarlles aos seus traballadores equipos de protección individual adecuados ao desempeño das súas funcións, salvo pacto en contrario.
  - B) Os equipos de protección individual deberán usarse cando os riscos non se poidan evitar ou non poidan limitarse suficientemente por medios técnicos de protección colectiva.
  - C) Constitúe unha obrigaón dos traballadores utilizar correctamente os equipos de protección facilitados polo empresario, de acordo co seu propio criterio e cando o estime oportuno segundo a súa experiencia.
  - D) Todas as opcións son correctas.
8. Segundo o Decreto 100/2015, do 21 de abril, de hemodoazón e hemoterapia da Comunidade Autónoma de Galicia, quen é o responsable dun servizo de transfusión dun hospital do Servizo Galego de Saúde?
- A) xerente de xestión integrada.
  - B) xerente executivo do hospital.
  - C) director de procesos asistenciais.
  - D) Un médico especialista en hematoloxía-hemoterapia.
9. Das seguintes opcións, sinala a correcta a teor do disposto na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:
- A) As retribucións básicas son o soldo, os trienios e o complemento de destino.
  - B) O complemento de destino aboarase en 12 pagas.
  - C) Cada unha das pagas extraordinarias incluírá, como mínimo, unha mensualidade de soldo e trienios, ademais da catorceava parte do importe anual do complemento específico.
  - D) Son correctas A e C.
10. A Lei galega 3/2001 regula o consentimento informado?
- A) Non, só as vontades anticipadas.
  - B) Non, só a historia clínica dos pacientes.
  - C) Non, só regula a restrición da información en interese do paciente.
  - D) Si que o regula, e establece que a prestación do consentimento informado é un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico.
11. O artigo 8 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, recoñece:
- A) Dereito a rexeitar o uso ou conservación, fóra do seu proceso asistencial, dos seus tecidos e mostras biolóxicas que proveñan de biopsias, extraccións ou nacementos e, polo tanto, dereito a que se proceda á súa eliminación como residuo sanitario.
  - B) Dereito a dispoñer dos tecidos e mostras biolóxicas que proveñen de biopsias ou extraccións no seu proceso asistencial, coa finalidade de conseguir unha segunda opinión médica e garantir a continuidade asistencial.
  - C) Dereito a rexeitar a participación en procedementos experimentais como alternativa terapéutica para o seu proceso asistencial.
  - D) Todas son correctas.

12. A Lei xeral de sanidade sinala que todos teñen o seguinte dereito con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias:

- A) A que se lles asigne un médico, cuxo nome se lle dará a coñecer, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial. En caso de ausencia, o persoal de enfermería asumirá tal responsabilidade.
- B) A obter os medicamentos e produtos sanitarios que consideren necesarios e de forma gratuíta.
- C) A seren advertidos de se os procedementos de prognóstico, diagnóstico e terapéuticos que se lles apliquen poden ser utilizados en función dun proxecto docente ou de investigación cando poida comportar perigo adicional para a súa saúde.
- D) Á confidencialidade de toda a información relacionada cos seus proceso e coas súas estancias en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.